



Anímate a ser unha familia acolledora. Solicita máis información en:

[www.acollementofamiliar.org](http://www.acollementofamiliar.org)

900 812 880



[galicia@cuzroja.es](mailto:galicia@cuzroja.es)

UN PROGRAMA DE:



COLABORAN:



Humanidade Imparcialidade Neutralidade Independencia Voluntariado Unidade Universalidade

Guía Familias Acolledoras

Cada vez máis preto das persoas



*Manuel e Rosa, de 50 e 48 anos, viven cos seus fillos de 12 e 9 anos. Dende hai uns días, tamén está con eles Andrés, que ten seis semanas. Coidarano durante uns meses, mentres se decide se pode volver cos seus pais. Saben que, se non pode retornar, se lle buscará unha familia definitiva.*

**Acollemento de urxencia e diagnóstico.**

*María e Moncho viven en Ribadavia. Dende hai 4 anos teñen acollidos a Roi e a súa irmá Sara. Non saben se algún día os irmáns poderan retornar cos seus pais.*

**Acollemento de longa duración.**

*Fina e Sandra teñen acollida a Antía, de 9 anos, dende o curso pasado. Hai unhas semanas que a nena visita máis os seus pais, está previsto que volva con eles dentro duns meses.*

**Acollemento de curta duración.**



**ÍNDICE**

4	PRESENTACIÓN
5	CANDO É NECESARIA UNHA FAMILIA ACOLLEDORA?
5	NA BUSCA DO INTERESE DO MENOR
6	ASPECTOS CLAVE NO ACOLLEMENTO
6	A temporalidade
6	Diferenciar acollemento de adopción
6	Contactos coa familia
8	MODALIDADES DE ACOLLEMENTO FAMILIAR
10	QUE NENOS E NENAS PODEN SER ACOLLIDOS?
10	QUE FAMILIAS PODEN SER ACOLLEDORAS?
12	O PROCESO DE ACOLLEMENTO
12	Como empezar?
13	Como e cando se inicia o acollemento?
14	Formalización
15	Período de acoplamento
15	Seguimento
16	Final do acollemento
19	ONDE INFORMARSE
19	Sedes provinciais de Cruz Vermella en Galicia
19	Xunta de Galicia

## PRESENTACIÓN

O acollemento familiar é un proxecto da Xunta de Galicia que xestiona dende 1995 Cruz Vermella. O obxectivo é axudar aquelas familias que atravesan unha situación de crise ou dificultade que lles impide atender correctamente, de xeito temporal, os seus fillos e fillas.

Este programa busca que estes menores sexan acollidos por unhas persoas que lles ofrezan o seu fogar, que lles dean os coidados, a seguridade e a educación que precisan e que lles permita manter, se é posible, o contacto cos seus pais, nais ou con outros familiares.

O acollemento familiar, como recurso para a protección do neno e da nena, é unha posibilidade que se recoñece explicitamente na Lei 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil (art. 173) e no marco legislativo que desenvolveron as respectivas comunidades autónomas, que teñen descentralizada a protección á infancia (Lei 3/2011, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

## CANDO É NECESARIA UNHA FAMILIA ACOLLEDORA

Cando dende os Servizos de Protección de Menores se detecta unha situación socio familiar que provoca que un menor non poida ser atendido axeitadamente pola súa familia, os equipos profesionais da Xunta de Galicia traballan co obxectivo de atopar unha alternativa que propicie a axeitada atención das necesidades básicas do neno ou nena.

De todas as solucións, sempre se vai procurar a que máis beneficie ao menor que, coa súa propia historia persoal e familiar, terá unha situación única e especial.

## NA BUSCA DO INTERESE DO MENOR

O Programa de Familias Acolledoras nace co obxectivo de atender as necesidades dos nenos e nenas que pertencen a el.

Polo tanto, procúrase dar a resposta máis axustada a cada neno, nena ou adolescente tendo sempre presentes as súas características e necesidades: que permaneza na súa localidade, no seu colexio, no seu grupo de amigos, que manteña contacto coa súa familia, etc.

Só por interese do menor e, excepcionalmente, pódese, nun momento dado, tomar a decisión de separalo do seu ámbito.



## ASPECTOS CLAVE NO ACOLLEMENTO

### A TEMPORALIDADE

Todos os acollementos familiares teñen unha duración determinada, en función das necesidades e do problema que motivou a saída do menor da súa casa. Polo tanto, o acollemento durará o tempo que sexa necesario, ata a consecución e a resolución da situación. Poden ser estancias breves ou máis prolongadas no tempo.

### DIFERENCIAR ACOLLEMENTO DE ADOPCIÓN

É moi importante non confundir o acollemento familiar coa adopción, xa que esta última persegue a integración do menor nunha nova familia que substitúa a de orixe, mentres que o acollemento é unha situación de apoio temporal cun principio e un remate prefixado de antemán.

Os acolledores non pretenden substituír a familia polo que, sempre que sexa posible, tentarán potenciarse os contactos do menor con ela, de xeito periódico e directo.

### CONTACTOS COA FAMILIA

O obxectivo final do acollemento familiar é o retorno do menor coa súa familia, unha vez que foron superadas as diversas situacións que puideron dar lugar á adopción da medida.

Polo tanto, e para que non se perdan os vínculos afectivos, durante o acollemento existirán contactos entre o neno, nena e a súa familia.



### Como son estes contactos?

O máis beneficioso para o menor é observar que entre ambas as dúas familias, a súa e a acolledora, existe unha relación cordial; polo que sempre que sexa posible se intentara realizar unha primeira presentación ben nas dependencias de Cruz Vermella ou no Servizo de Menores.

Non obstante, naqueles casos excepcionais nos que os equipos profesionais que interveñen non consideren oportuno que exista este coñecemento mutuo, os encontros entre o menor e a súa familia realízanse nun lugar neutral (punto de encontro, centro de menores) ao que a familia acolledora debe levar o neno e recollelo unha vez finalizada a visita.

A familia acolledora é responsable de favorecer as relacións entre o menor e os seus pais para que os vínculos familiares do neno ou da nena non se perdan, senón que se fortalezan. Isto contribuirá positivamente na historia persoal do neno, nena así como no regreso ao seu fogar.

Polo tanto, deben evitarse situacións ou conversacións conflitivas entre as familias, apoiando e reforzando unha visión positiva e de comprensión cara ás circunstancias que atravesará a familia do neno ou da nena. Este aspecto do acollemento familiar é fundamental para o menor acollido, que segue tendo unha historia individual, familiar e social propia.

## MODALIDADES DE ACOLLEMENTO FAMILIAR

Nesta guía de acollemento familiar descríbese principalmente o acollemento en familia allea, é dicir, que as persoas que acollen non manteñen ningún vínculo familiar co neno ou nena. Pero existen outras formas de acollemento, tales como o acollemento en familia extensa, no que o neno é acollido por alguén da súa familia (avós, tíos, etc.) ou os acollementos de feito, nos que a familia delega de xeito espontáneo a garda dos seus fillos, mentres duran as circunstancias que lles impide facelo a eles (a veciños, amigos...). En ambos os casos intervense coa intención de formalizar o proceso, mediante o correspondente contrato de acollemento e apoiar a evolución da convivencia do menor coa familia acolledora.

O acollemento familiar pode tomar diversas formas, dependendo de distintos criterios.

### Atendendo á temporalidade:

- **SIMPLE:** o obxectivo é o retorno do menor coa súa familia, polo que a situación da súa familia é mais susceptible ao cambio. É, polo tanto, de carácter temporal e, no caso de que non sexa posible o retorno coa súa familia, adoptárase unha medida de protección máis estable.

- **PERMANENTE:** trátase dun acollemento a máis longo prazo, cun carácter máis estable, na medida de que se prevé que o retorno do neno coa súa familia é moi difícil debido a que esta non se atopa en situación de mellora.

### Atendendo ao tipo de convivencia cos acolledores:

- **DE DÍA:** este acollemento terá lugar durante o día e o menor regresará coa súa familia pola noite.
- **DE FIN DE SEMANA E VACACIÓNS:** este acollemento desenvólvese durante os períodos vacacionais e de fin de semana.
- **CON CONVIVENCIA PLENA:** neste acollemento, o neno ou a nena convive coa familia durante a totalidade do día mentres dure o acollemento. É frecuente que os acollementos de convivencia plena comecen coa modalidade de fin de semana e vacacións, como canle de coñecemento dos acolledores e dos nenos e nenas.
- **URXENCIA-DIAGNÓSTICO:** no que a integración do menor á familia acolledora se realiza sen o período previo de adaptación (fins de semana e vacacións). Nesta tipoloxía a convivencia será durante un período de tempo moi determinado (de seis meses a un ano como máximo), mentres se busca a opción máis estable para o menor.



### QUE NENOS E NENAS PODEN SER ACOLLIDOS?

Todos os nenos e nenas que participan no programa están baixo medidas de protección adoptadas polos departamentos territoriais da Xunta de Galicia: tutela, garda ou apoio técnico. A idade dos nenos e nenas vai de 0 aos 18 anos.

### QUE FAMILIAS PODEN SER ACOLLEDORAS?

Pode presentar a súa solicitude para formar parte do programa de acollemento familiar, calquera familia, monoparental ou non, con independencia do estado civil, do número de fillos e fillas, da súa condición social, relixión, ideoloxía ou orientación sexual, e esixiranse os seguintes criterios de idoneidade:

- Ausencia de finalidade adoptiva. O acollemento é un feito responsable que demanda unha vontade clara de acoller, non de adoptar e que, pola súa propia natureza, non está destinado a satisfacer posibles expectativas de maternidade ou paternidade.

- Respetto e aceptación das características do menor, así como da súa familia de orixe. Un dos criterios de idoneidade é estar disposto a facilitar a relación do menor coa súa familia de orixe, mantendo unha actitude de respecto mutuo.
- É fundamental dispoñer da capacidade necesaria para cubrir as necesidades físicas, psicolóxicas, afectivas e sociais do menor.
- É imprescindible que exista acordo por parte de todo o núcleo familiar de cara ao acollemento.
- A estabilidade emocional é condición indispensable para lle poder ofrecer ao menor o equilibrio que necesita.
- Solidariedade, capacidade de colaboración, compromiso e altruísmo.
- Ausencia de enfermidades físicas ou psíquicas que poidan interferir no coidado axeitado do menor.

## O PROCESO DE ACOLLEMENTO

### COMO EMPEZAR?

O proceso de acollemento lévase a cabo por parte dos equipos técnicos de Cruz Vermella, polo que é preciso que todas aquelas persoas que desexen formar parte dean os seguintes pasos:

1.º Poñerse en contacto co equipo técnico de Cruz Vermella da súa provincia, que establecerá coas persoas solicitantes unha primeira sesión informativa na que se lle explicará máis a fondo as características do programa e facilitarase a documentación necesaria para comezar o proceso.

2.º Remisión ao equipo da solicitude oficial de acollemento, así como da documentación preceptiva.

3.º Realización do proceso de valoración psicosocial (entrevista social, psicolóxica e visita a domicilio).

4.º Curso de formación previo ao acollemento no que, a través dunha reflexión colectiva, se analizan as cuestións máis importantes: reaccións máis usuais dos nenos e das nenas e da familia, o papel do equipo técnico no proceso, técnicas educativas e de resolución de conflitos...

Unha vez concluído o proceso, e coa idoneidade do Servizo de Menores da Xunta de Galicia, a familia inclúese no Banco de Familias, na espera dunha proposta de acollemento.

### COMO E CANDO SE INICIA O ACOLLEMENTO?

Cando o equipo técnico de Menores da Xunta de Galicia valora este recurso como o máis axeitado para un neno, nena ou adolescente, trasládalle a proposta ao equipo técnico de Familias Acolledoras de Cruz Vermella, o cal busca no seu Banco de Familias aquela que máis se adapta ás características do menor e que mellor pode cubrir as súas necesidades.

Cando a familia acepta a proposta de acollemento iníciense os seguintes trámites:

- Proposta formal da familia acolledora ao Servizo Técnico de Menores (Xunta de Galicia).
- Entrevista para lle trasladar á familia toda a información sobre o acollemento que se vai levar a cabo.
- Presentación da familia do menor e dos acolledores, sempre que sexa posible e beneficiosa.
- Presentación do neno, nena ou adolescente e da familia acolledora, que terá lugar no centro onde reside o menor ou no propio Servizo de Menores e inicio de contactos.

### FORMALIZACIÓN

O acollemento documéntase a través das diferentes modalidades de contrato ou, no seu defecto, con autorizacións de saídas provisionais.

Os contratos poderán ser administrativos ou xudiciais, en función de que se obteña ou non o consentimento da familia de orixe do menor.

Entre os seus contidos, figurará explicitamente o compromiso das partes, así como:

- A modalidade de acollemento e a duración prevista.
- Os dereitos e deberes de cada unha das partes.
- A periodicidade das visitas por parte da familia de orixe.
- A responsabilidade civil.

A este acollemento en familia allea abóaselle sempre unha cantidade mensual, para compensar os gastos básicos que o acollemento lles ocasiona.



### PERÍODO DE ACOPLAMENTO

O período de acoplamento refírese a unha primeira etapa de contactos progresivos, entre o menor e a familia acolledora, encamiñados a acadar un coñecemento mutuo e a facilitar a adaptación.

### SEGUIMIENTO

Ao longo de todo o acollemento, o equipo técnico do proxecto manterá contactos periódicos coas familias e cos menores en acollida, para ofrecer a axuda e as orientacións necesarias no transcurso do proceso, así como para elaborar o informe de seguimento que lle será remitido ao Servizo de Menores.



### FINAL DO ACOLLEMENTO

Coa finalización do acollemento conclúe o proceso de apoio dos acolledores ao menor e á súa familia. Esta fase da medida comeza a prepararse xa dende o inicio desta polo equipo técnico de Cruz Vermella, quen informa aos acolledores dos cambios e das decisións que se van adoptando de cara a realizar o peche do proceso da forma máis axeitada.

Os acolledores encárganse de lle trasladar ao menor esta información, facendo fincapé nos seus aspectos beneficiosos e acompañándoo durante o proceso, animándoo e apoiándoo ante as dúbidas e/ou temores que poida presentar, xa que todo cambio, aínda que positivo, supón unha readaptación para os nenos e nenas.

Os motivos de cesamento do acollemento poden ser:

1. Por decisión xudicial.
2. Por decisión da familia acolledora.
3. A petición do titor ou dos pais que teñan a patria potestade e que reclamen a súa compañía.
4. Por decisión da entidade pública que teña a tutela ou garda do menor, cando o considere necesario para salvagardar o interese deste, logo de escoitar os acolledores (decisión do equipo de menores). Para isto será precisa unha resolución xudicial de cesación, cando o acollemento sexa disposto polo xuíz.

A fin dun acollemento abre as portas á realización doutro e cada experiencia será única e enriquecedora para todas as partes que interveñen (menores, acolledores e familia).

## **ONDE INFORMARSE...**

### **SEDES PROVINCIAIS DE CRUZ VERMELLA EN GALICIA**

**A CORUÑA**  
Cruz Roja Española, 1  
CP 15002  
Tfno. 981 221 000

**LUGO**  
Avda. de Madrid, s/n  
CP 27002  
Tfno.: 982 231 613

**OURENSE**  
Díaz de la Banda, 40  
CP 32004  
Tfno.: 988 222 484

**PONTEVEDRA**  
Cruz Vermella, 26  
CP 36002  
Tfno.: 986 852 115

### **XUNTA DE GALICIA**

**SERVIZO DE DEFENSA DO MENOR**  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno.: 981 544 630

**XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA**  
**SERVIZO DE FAMILIA E MENORES**  
Avda. Salvador de Madariaga, 9-1º  
15008 A CORUÑA  
Tfno.: 981 185 704

**XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**  
**SERVIZO DE FAMILIA E MENORES**  
Ronda da Muralla, 70 · 27071 LUGO  
Tfno.: 982 294 442

**XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE**  
**SERVIZO DE FAMILIA E MENORES**  
Rúa Saénz Díez, nº 39-baixo  
32003 OURENSE  
Tfno.: 988 386 121

**XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO**  
**SERVIZO DE FAMILIA E MENORES**  
Concepción Arenal, 8 -1º · 36201 VIGO  
Tfno.: 986 817 044